

Terceiro Ciclo Primaria Día das letras galegas 2010



**Seminario de Formación Permanente
«Uxío Novoneyra»**

Rosa María Andrés Losada
Eduardo Xosé Cabrera Paradela
M.^a Luísa Domínguez Pérez
Armando Xosé Herrero Mayor
M.^a Luísa Mosquera Seijo
Mario Ramón Suárez Hermida

**Seminario de Formación Permanente
«Material didáctico sobre Uxío Novoneyra»**

Ana Fernández Jonte
M.^a Isabel Hortas González
Paz Santiso Andrade
Ana María Seijo López
M.^a Jesús Souto Pereira
M.^a Belén Suárez Carballo

**Seminario de Formación Permanente
«Uxío Novoneyra na Rede»**

Ana María Cernadas García
María del Carmen Félix Cedeira
Vanessa Guimarey Cedeira
Manuel Paz Anido
José Antonio Picado Rodríguez
M.^a Carmen Valiñas Rivas

Asesoría pedagóxica CEFORE A Coruña

Xosé Antón Amil García

Maquetación e deseño gráfico

Manolo Paz Anido (www.edugaliza.org)

Colexios participantes

CEIP Anxo da Garda, da Coruña
CEIP A Solaina, de Narón
CEIP Galán, de Oseiro-Arteixo
CEIP Eusebio da Garda, da Coruña
CEIP Torrente Ballester, de Sigrás-Cambre
CEIP Luís Seoane, de Mera-Oleiros
CEIP Montel Touzet, da Coruña
CEIP Portofaro, do Temple-Cambre
CEIP Praia de Quenxe, de Corcubión
CEIP Virxe do Mar, de Narón
CEIP W. Fernández Flórez, de Cambre
CPI do Feal, de Narón

**Á Real Academia Galega, a Saleta Goy e a Uxío Novo
Rei pola súa colaboración e xenerosidade.**

Edita

**Seminario Permanente de Formación
do Profesorado do CEIP de Galán,
Oseiro-Arteixo (A Coruña)**
<http://www.seminariogalan.org>
ISBN 978-84-692-9829-9





Uxío Novoneyra, fillo de labregos, naceu o 19 de xaneiro de 1930 na pequena aldea de Parada de Moreda, en plenas montañas do Courel, en Lugo. Estudou o bacharelato na cidade de Lugo e posteriormente trasladouse a Madrid para comezar a carreira de Filosofía e Letras. E é nesta cidade onde publica os seus primeiros poemas, na revista universitaria Bengala. Estes primeiros poemas están escritos en castelán.

No ano 1952 volta a Galicia e entra en contacto con diferentes intelectuais galegos de Santiago de Compostela: Ramón Piñeiro, Otero Pedrayo, Manuel María... o que o leva a tomar conciencia galeguista e a escribir, xa a partir de entón, exclusivamente en idioma galego.

Casou en 1973 con Elva Rei, á que coñeceu durante a súa estadía en Lugo, e coa que tivo tres fillos: Branca-Petra, Uxío e Arturo.

Durante un tempo vive entre Lugo e O Courel ata que se establece definitivamente, dez anos máis tarde, en Santiago de Compostela. É nesta cidade onde é elixido Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, cargo que vai exercer ata a súa morte durante dezasete anos consecutivos. Uxío é autor de numerosos libros de poemas: «*Muller pra lonxe*», «*Do Courel a Compostela*», «*Poemas caligráficos*»..., sendo o máis coñecido e máis representativo da súa obra o que leva por título «*Os eidos*», nos que recompila toda a súa poesía relacionada co Courel.


Escribiu tamén tres contos para os máis pequenos: «*Gorgorín e Cabezón*», «*Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín*» e «*O cubil do xabarín*».

Faleceu en Santiago de Compostela un 30 de outubro de 1999.

Este ano 2010 a Real Academia Galega adícalle o 17 de maio, Día das Letras Galegas, como recoñecemento ao seu traballo a prol da lingua e a cultura galega.



Uxío Novoneyra, caricatura de Luís Seoane



Biografía de Novoneyra, escrita por Carmen Blanco.



*Dim os seus
los marfais:
"A morte non
é certo".
1959.*

Texto manuscrito dun poema de Uxío.



QUE SABES DE UXÍO NOVONEYRA?



1.- Estas son algunhas caricaturas de Uxío Novoneyra. Xa sabes que unha caricatura é unha representación gráfica de algo ou de alguén na que se presentan os seus rasgos de maneira esaxerada. Observando as caricaturas e a foto que acompaña esta actividade, atréveste a facer unha caricatura de Uxío?



2.- Uxío Novoneyra estudou na Universidade Complutense de Madrid. Nesta cidade publicou os seus primeiros versos e ofreceu os seus primeiros recitais poéticos. Usando os datos que aparecen na biografía, saberías cubrir este carné?

	UNIVERSIDADE COMPLUTENSE MADRID	
	NOME _____	
	APELIDOS _____	
	DATA DE NACEMENTO _____	
	LUGAR _____	
	FACULTADE _____	
	Madrid, 4 de setembro de 1949	
	O reitor	



FIANDEIRA namorada
que fías detralo lume
cos ollos postos nas chamas
roxiñas brancas i azules.

Fiandeiriña que fías
nas noites do longo inverno
as liñas máis delgadiñas
co fío do pensamento.

Cai a neve quedo fóra
riba dos teitos calada
mentres ti fías e soñas
nunha cousiña lonxana...

-FIANDEIRIÑA delgada
sempre metida a fiar
sempre a fiar e soñar
para logo non ser nada.

-Para logo non ser nada
eso inda está por ver
e pois cas frebas do liño
ó torcelas de camiño
algo se ha de prender.

-Algo se ha de prender
i afé que tiñas razón
que eu estábache mirando
sin deñar que encantenón
íbame indo namorado.



1954
Uxío Novoneyra



- 1.- Cal é o traballo da fiandeira? _____
- 2.- Con que soña a rapaza? _____
- 3.- En que estrofa se indica o tempo que vai? _____
- 4.- Cales son eses versos? Esríbeos. ● _____
● _____
- 5.- Quen conta a historia da fiandeira? _____
- 6.- Que dous personaxes aparecen no poema? _____
- 7.- Onde transcurre a poesía da fiandeira? _____
- 8.- Que conto tradicional europeo lembras no que aparece o fuso? Escribe o título e resume en poucas liñas o seu contido.

- 9.- Explica nas seguintes frases o significado da palabra **fiar**.

Fíate dela, que sempre responde.

▶ _____

Nesta tenda non fiamos a descoñecidos.

▶ _____

Seguro que o fai ben porque fía moi ben as súas ideas.

▶ _____



1.- Hai un longo proceso desde que comeza a tarefa de sementar o liño ata que podemos ver un vestido deste tecido. Ordena e copia as frases para coñecer este proceso.

A finais de maio lévase para casa para ripalo, é dicir, sacarlle a semente.

Ao final, transfórmase o liño en fíos usando a roca e o fuso.

Seméntase en xaneiro ou febreiro.

A semente que se lle saca sécase ao sol e gárdase para o ano seguinte.

Golpéase e enrólase en estrigas.

Nos meses de verán pónene as estrigas no mazadoiro. Frégase para sacarlle os tascos.

- 1 _____
- 2 _____
- 3 _____
- 4 _____
- 5 _____
- 6 _____

2.- Localiza neste rebumbio o nome de dez prendas do noso traxe tradicional.


P	R	E	T	O	C	D	F	U	F	C
M	O	N	T	E	I	R	A	T	C	H
G	U	R	P	X	R	D	I	C	P	A
F	A	G	E	R	O	T	X	A	O	L
V	U	X	M	F	L	H	A	L	L	E
M	U	R	A	D	A	N	A	Z	A	Q
E	P	A	N	O	S	I	P	O	I	U
O	I	N	D	E	R	G	X	N	N	E
T	Q	Q	I	I	F	A	E	O	A	L
H	R	Ñ	L	M	A	N	T	E	L	O



ENCRUCILLADO



Utilizando palabras que aparecen no poema de Novoneyra, «Fiandeira namorada», resolve este encrucillado.



HORIZONTAIS

- 1.- Exteriormente, na parte externa dun tempo ou dun espacio.
- 2.- Reducir a fío.
- 3.- Espacio de terreo para transitar.
- 4.- Auga conxelada en pequenos cristais.
- 5.- De pouco grosor (En feminino).
- 6.- Estación do ano.
- 7.- Unha cor entre a amarela e a vermella (En plural).
- 8.- Filamento empregado na industria téxtil.
- 9.- Masa gasosa que se desprende dun corpo que arde.

1.-FÓRA 2.-FIA 3.-CAMIÑO 4.-NEVE 5.-DELGADA 6.-INVERNO 7.-ROXIÑAS 8.-FREBAS 9.-CHAMAS

DÚAS FRASES FEITAS



Relaciona o significado das seguintes expresións populares que se empregan para describir ás persoas e fai unha frase cunha delas.

Tascarse ao andar

Estar delgado

Estar coma un fuso

Andar rozando ou chocando os nocellos ou os xeonllos






MOUCHO que cantas pra noite queda
na sombra das flairas tecidas,
ti fais distas arbres da cidade
un bosque antigo no que eu estuven sempre.

Oíndote, esquezo as casas apezadas d'orredor
que o teu canto iñora.

Moucho,
nós non somos pra vivir eiquí.
Os dous viñemos de lonxe
e tornaremos outra vez pra aló,
onde o noso misterio se acai.

Ti iraste, despois que eu me vaia,
unha noite que ninguén vele
nesta cidade de nebras e campás vagariñas.



Maio, 1957 *Uxío Novoneyra*

ENTENDICHES O POEMA?



1.- Onde viven o moucho e o poeta? _____

2.- Como describe a cidade? _____

3.- Como describe os edificios? _____

4.- En que persoa está escrito o texto? Como o sabes? _____

5.- Cal é o destino dos dous? A que hábitat pertencen en realidade?

6.- Ao oír o poeta o canto do moucho, que esquece?

INVENTANDO UN DIÁLOGO



Inventa un diálogo que poidera ter un moucho e un paseante dunha alameda.
Utiliza todas estas palabras:

voar plumas luz farolas noite canto tempo árbore niño

O MOUCHO E O PASEANTE

A large rectangular box with horizontal lines for writing a dialogue. The box is empty and ready for the student's response.

TES BOA VISTA?



Colorea da mesma cor a expresión e o seu significado. Risca os significados erróneos.

A matching exercise with various shapes containing text. The shapes are: a rectangle, a triangle, a parallelogram, a hexagon, a triangle, a parallelogram, a triangle, a hexagon, and a triangle. The text inside the shapes is: 'casas apezadas', 'edificios xuntos', 'pezas de quebracabezas', 'soan rítmicas', 'o noso misterio resólvese', 'soan lentas', 'o noso misterio se acai', 'campás vagariñas', and 'o noso misterio cae'.


COUSOS DO LOBO



COUSOS do lobo!
Caborcas de xabarín!
eidos solos
onde ninguén foi nin ha d'ir!

O lobo! Os ollos o lombo do lobo!


Baixa o lobo polo ollo do bosco
movendo nas flairas dos teixos
ruxindo na folla dos carreiros
en busca da vagoada máis sola e máis medosa...



Rastrexa
párase e venta
finca a pouta ergue a testa e oula cara o ceo
con toda a sombra da noite na boca.

Uxío Novoneyra

DOMINAS O VOCABULARIO?



1.- COUSO 2.- VAGOADA 3.- XABARIN
4.- LOBO 5.- FLAIRAS 6.- BOSCO
7.- POUTA 8.- EIDOS


HORIZONTAIS

1.- Trampa para lobos. 2.- Parte baixa dun val. 3.- Animal paquidermo semellante a un porco. 4.- Mamífero carnívoro da familia dos cánidos. 5.- Pónlas pequenas das árbores. 6.- Gran extensión de árbores. Bosque. 7.- Pata dun animal de unllas fortes, curvas e afiadas. 8.- Terreo cultivado que está preto da casa familiar.



1.- Localiza neste rebumbio nomes de animais que se poden atopar nos nosos montes .

- CORZO
- XABARÍN
- COELLO
- LEBRE
- PASPALLÁS
- PERDIZ
- FAISÁN
- PARRULO
- CERVO
- VEADO



2.- Que contos de lobos lembrás? Escribe os seus títulos e inventa outros dous.

REAIS _____
 INVENTADOS _____

3.- Neste poema Uxío Novoneyra escribe sobre un animal, o lobo. Localiza datos sobre este animal e completa a súa ficha.

LOBO
Canis lupus

NOME CIENTÍFICO: _____

NOME VULGAR: _____

CARACTERÍSTICAS FÍSICAS:
(Tamaño, peso, cor, curiosidades...)

ALIMENTACIÓN: _____

REPRODUCCIÓN: _____

HÁBITAT: _____



Ánxel Fole, amigo de Uxío Novoneyra, foi o outro gran escritor da Serra do Courel. Ambos os dous coincidiron en diferentes actos. Ánxel ten varios libros de contos e relatos nos que nos amosa a vida, máis ou menos real, desas montañas luguesas. Este relato que vén a continuación e que reproducimos incompleto, está incluído no libro de Fole, «Contos de lobos e outros relatos» e nos introduce, dunha maneira divertida, no mundo do Courel que lle era tan familiar a Novoneyra.

Inantes de nada, deben saberen os leutores o significado da fala «esporretar». Por eso nos vemos na obriga de contar un contiño inantes de emprincipiar a historia.

Tres cabaleiros de moi escrarecido linaxe foron cazar ós montes do Caurel. E xa o primeiro día cazaron trinta perdices e un xabará. Todos tres estaban moi ledos. Paraban cas da tía Farruca, mesmo en Vilarbacú. Espertáronse cedo, cuase ó lumbrigar do día e pediron o almorzo.

-Unha sopas de cazador, ¿sabe vostede?

-Xa sei, señor... Sopas de pan de centeo con manteiga, ben sequiñas, con pimento e moito allo. E como as queren? Esporretadas ou sin esporretar?

Respondeu un polos tres:

-Esporretadas... Non faltaba máis.

Aquelo de esporretadas pareceulle cousa moi típica da cociña montañesa.

De alí a un intre, xa estaban os cazolos de barro das sopas enriba da mesa.

-Vexan vostedes como as esporreto...

Meteu dous dentes de allo na boca. Trincounos ben cos dentes e... Logo asoprou con forza pra fóra e ciscou as trincas de allo enriba das sopas dos cazolos.

-Xa están ben esporretadas.


Os cabaleiros ollaron un pra outro. E comeron as sopas.

Saíron de alí ríndose como tolos.

Eso significa «esporretar», mais tamén ceibar ventos da barriga polo mesmo sitio por onde lle empeza o rabo ós cadelos e toda cras de animás chamados mamíferos.



Ánxel Fole
Contos de lobos e outros relatos



Ordena as distancias de menor a maior.

De	<input type="text"/>	a	<input type="text"/>	▷	<input type="text"/>
De	<input type="text"/>	a	<input type="text"/>	▷	<input type="text"/>
De	<input type="text"/>	a	<input type="text"/>	▷	<input type="text"/>
De	<input type="text"/>	a	<input type="text"/>	▷	<input type="text"/>
De	<input type="text"/>	a	<input type="text"/>	▷	<input type="text"/>
De	<input type="text"/>	a	<input type="text"/>	▷	<input type="text"/>
De	<input type="text"/>	a	<input type="text"/>	▷	<input type="text"/>
De	<input type="text"/>	a	<input type="text"/>	▷	<input type="text"/>
De	<input type="text"/>	a	<input type="text"/>	▷	<input type="text"/>

UNHA FIN DE SEMANA NO COUREL



Esta é unha táboa dos prezos dos aloxamentos en diferentes lugares do Courel. Fixándote nela resolve as seguintes cuestións. Ollo!, os prezos son todos en euros.

	HABITACIÓN DOBRE	CAMA SUPLETORIA	ALMORZO <i>prezo por persoa</i>	CEA <i>prezo por persoa</i>
SAMOS	60	15	3,5	60
TRICASTELA	58	0	incluído	12
HOSPITAL	65,5	12	5	18
O CEBREIRO	80	10	4	15
SEOANE do C.	49	18	2,95	10
FERRAMULÍN	53	0	3	9,9
QUIROGA	30	11	3	9

● María e seus pais van pasar o sábado e o domingo ao Courel. Pensan durmir, almorzar e cear nun dos aloxamentos da zona.

Cal será o aloxamento máis barato?

Prezo

 €

Cal será o máis caro?

 €

Se só durmen na casa...

Cal será máis barato?

 €

Cal será o máis caro?

 €

● Paulo e Luís queren pasar tres días no Courel. Só van durmir e almorzar na casa rural.

Cal sería o lugar máis caro?

€

Cal sería o lugar máis barato?

€

● En que aloxamento estiveron Martiño e seus pais as catro noites que pasaron no Courel? Pagaron 366,80 euros incluídos os catro almozos e as catro ceas por persoa.

Aloxamento

366,80 €

Prezo